



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: PAGO A GRUPOS POLÍTICOS POLA DOTACIÓN ECONÓMICA DE OUTUBRO A DECEMBRO 2025

ANTECEDENTES

I. Con data 17/06/2023 constituíuse a Corporación de Vimianzo en virtude das eleccións locais do 28 de maio de 2023.

II. O Pleno municipal na sesión extraordinaria do 12 de xullo de 2023 acordou que os grupos políticos municipais percibirán en concepto de dotacións económicas nas contías de: fixa por grupo 300 euros/mes e variable de 50 euros/mes por concelleiro e modificando automaticamente as bases de execución, ao abeiro do artigo 73 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local e demais disposicións concordantes.

III. As Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais para o ano 2025 recollen na Base 60 as cantidades que deberán percibir os grupos políticos municipais en concepto de dotacións económicas así como a que se poden destinar os gastos e forma e prazo de xustificación.

IV. Consta Informe de Intervención de fiscalización.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Real Decreto 207/2023, do 3 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 28 de maio de 2023.

Artigo 73 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establece o dereito dos grupos políticos a percibir dotacións económicas de carácter fixo e variable en función do número de membros da Corporación.

Artigos 185 e 186 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais recollen a competencia e as facultades do Presidente da entidade local para autorizar, dispoñer e ordenar o pagamento das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos.

Considerando as facultades conferidas polo artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 41.21 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o artigo 24.f) do RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o artigo 185.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os artigos 57, 61.1 e 62 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e conforme se determina nas bases de execución do orzamento para o ano 2025.

De acordo con todo o indicado **RESOLVO**

PRIMEIRO: Autorizar, Dispoñer e Obrigar os gastos que se relacionan a seguir e polos importes e con cargo ás aplicacións orzamentarias que se sinalan:

DENOMINACIÓN GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL	CIF	CONCEPTO	Aplicación orzamentaria	IMPORTE (euros)
Grupo Político Municipal do PSdG-PSOE de Vimianzo	V70603006	Dotación grupo meses de outubro a decembro 2025	912.48900	2.400,00
BNG Vimianzo	V56524127	Dotación grupo meses de outubro a decembro 2025	912.48900	1.200,00
Grupo mixto PP	G56699903	Dotación grupo meses de outubro a decembro 2025	912.48900	1.050,00

SEGUNDO: Que se leve a cabo o seu pagamento mediante TRANSFERENCIAS BANCARIAS con cargo á conta deste Concello aberta en CAIXABANK SA e ás contas de ditos grupos políticos.

TERCEIRO: Dar conta desta Resolución ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que teña lugar, así como a Tesouraría para que proceda a emitir a relación de transferencias que se ordenan.

Así o manda e asina o Sra. Alcaldesa, en Vimianzo, do que eu, secretario xeral, dou fe.

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O secretario xeral
Francisco Javier Novoa Juiz